

viñeiros 3
 20.00 horas
 Biblioteca "Uxío Novoneyra" – Vila Melania (Vilaboa)
 Día de Poesía
 Presentación do libro "Así nacen as baleas", de Anxos Sumai.

viñeiros 4
 18.30 horas
 Biblioteca "Xosé Cardeso Lijares" – Vila Melania (Vilaboa)
 Obradoiro de contos: "O pez chan" (conto vietnamita).

viñeiros 5
 18.30 horas. Concerto didáctico infantil
 Biblioteca "Xosé Cardeso Lijares" – Vila Melania (Vilaboa)
 Ciclo de Música clásica "Jesús Bal y Gay"
 Actuación do "Cuarteto Alba"

18.30 horas
 Biblioteca "Miguel González Garcés" do Burgo
 Obradoiro de contos: "O pez chan" (conto vietnamita).

19.30 horas. Teatro infantil
 Edificio de Servizos Múltiples do Burgo
 Ciclo teatral "Roberto Vidal Bolaño"
 Teatro Falcatrúa: "O espírito de Gaia"

20.30 horas
 Sala de Exposicións dos Muíños de Acea de Ama
 inauguración da exposición de pintura de Francisco Javier Torrecilla
 do 5 de decembro de 2008 ao 3 de xaneiro de 2009)

viñeiros 12
 18.30 horas
 Biblioteca "Miguel González Garcés" do Burgo
 Contos en inglés: "Bear Stays up".

19.30 horas. Teatro infantil
 Edificio de Servizos Múltiples do Burgo
 Ciclo teatral "Roberto Vidal Bolaño"
 Teatro Os Quinquilláns: "O mago de Oz"

viñeiros 13
 8.00 a 21.00 horas
 Festas pola Provincia: "A Coruña a pé"
 Castelo medieval e ecosistema de Doniños: Ferroterra"

11.00 horas
 Sala de Natureza do Xardín Botánico "Ría do Burgo"
 Obradoiros de "Ecociencia-Cullerxogo"
 Obradoiro: "Coñece a nosa ría"

19.00 horas
 Edificio de Servizos Múltiples do Burgo
 Estrame de Corais: "Culleredo canta ao Nadal"

viñeiros 17
 20.00 horas
 Biblioteca "Uxío Novoneyra" – Vila Melania (Vilaboa)
 Día de Poesía
 Presentación do libro "Serpigo", de Jorge Cuña.

viñeiros 18
 18.30 horas
 Biblioteca "Xosé Cardeso Lijares" – Vila Melania (Vilaboa)
 Antacontos: "Xil Moniz" e "O barquiño de papel"

viñeiros 19
 18.30 horas
 Biblioteca "Miguel González Garcés" do Burgo
 Antacontos: "Xil Moniz" e "O barquiño de papel"

19.30 horas – Teatro Infantil
 Edificio de Servizos Múltiples do Burgo
 Ciclo teatral "Roberto Vidal Bolaño"
 Personaxes Cachirulo: "Do, re, mi Mozart"

viñeiros 20
 11.00 horas
 Sala de Natureza do Xardín Botánico "Ría do Burgo"
 Obradoiros de "Ecociencia-Cullerxogo"
 Obradoiro: "Adornos de Nadal"

viñeiros 22
 17.00 horas. Nadal para nenos
 Edificio de Servizos Múltiples do Burgo
 Festival de Maxia: Mago Vituco e Jessica: "Ilusión máxica"

viñeiros 23
 17.00 horas. Nadal para nenos
 Edificio de Servizos Múltiples do Burgo
 Día de Nadal: "Eragon"

viñeiros 29
 17.00 horas. Nadal para nenos
 Edificio de Servizos Múltiples do Burgo
 Día de Nadal: "Lady Killers"

viñeiros 30
 17.00 horas. Nadal para nenos
 Edificio de Servizos Múltiples do Burgo
 Día de Nadal: "Unha noite no museo"

viñeiros 3 e 4 de XANEIRO de 2009
 Club Deportivo do Colexio "Sofía Casanova" (Vilaboa)
 Xilereolandia de Nadal
 Actuación infantil de ocio. Ata 12 anos.

Nada menos que 80 actos culturais compoñen a Programación dos Encontros Culturais de Outono 2008, que supoñen un aumento substancial das actividades con respecto á pasada edición, e que encherán Culleredo de participación e cultura, nun programa descentralizado e multidisciplinar que, ademais da programación Teatral e de Música Clásica, componse de cine, obradoiros, contacontos, monicreques..., con atención moi particular aos nenos/as de Culleredo no que poderíamos cualificar como Outono dos nenos, pola ampla e variada programación adicada a eles.

Os Encontros voltarán a ser este ano un auténtico Festival Internacional de Outono, onde celebraremos de novo o IV Festival Internacional de Títeres do Consorcio das Mariñas, e a XIX edición do Festival Internacional de Pulso e Púa coa actuación de grupos de Venezuela, Brasil e USA.

A destacada exposición das fotos da Guerra Civil dos Hermanos Mayo será a punta de lanza dun importante programa expositivo no triángulo museístico que compoñen a Sala dos Muíños de Acea de Ama, o Edificio de Servizos Múltiples do Burgo e o Xardín Botánico, onde teremos varias exposicións de artistas da comarca coruñesa e de Culleredo, a XXXIII Exposición de Canaricultura a a exposición de F. J. Torrecilla..

A programación adicada á lectura dende as Bibliotecas municipais terá un espazo destacado, con programas adicados a adultos e nenos, cunha programación para estes últimos ampliada de contacontos, contos en inglés, obradoiro de contos e o programa de Música Clásica "Jesús Bal y Gay", adicada este ano por enteiro ao público infantil.

O mellor teatro galego será de novo a estrela da nova programación, con 16 representacións nunha das programacións máis interesantes e completas de Galicia, que ten ao público infantil como destinatario, ademais do Festival Internacional de Títeres finalizaremos o ano con cinco representacións do mellor teatro infantil que se fai en Galicia e tamén da Maxia: un compoñente que nunca falta nos nosos escenarios.

Pero o Outono supón o comezo das Escolas Municipais de Cultura que este ano cumpren 22 anos, e de todas as actividades e cursos regulados que organizamos dende Cultura.

O mes de Novembro celebraremos a XIV edición do Seminario de Historia de Culleredo, que este ano adicaremos ao tema "Historia contada: novela histórica, memorias, historia da arte, no cine...".

Continuaremos coa programación iniciada en xaneiro da Aula de Poesía de "Vila Melania", cun programa moi intenso de presentacións de libros, lectura de poemas, actividades para nenos...

Pero o Outono sobre todo é terra, natureza, aire libre, setas, castañas..., polo que reservamos para estes meses os Cursos de Micología, de coidados de bonsais, de xardinería, celebramos o Magosto de Celas, a Festa da Empanada de Vilaboa e iniciamos a Rotas pola Provincia "A Coruña a pé", un clásico do ocio e tempo libre dos cullerdenses.

Os Encontros Culturais de Outono supoñen a filosofía de que todas as fins de semana ata o Nadal estean cubertas cun evento cultural que ver, facer ou participar dirixida a todos os públicos, gratuíta, que recolla as inqueданzas culturais da maioría da poboación, que esperamos sexa do seu agrado, e que facemos coa inestimable axuda de entidades como Caixanova, Caixa Galicia, Xunta de Galicia, Deputación e por suposto das Asociacións Culturais de Culleredo.

Un saúdo.

Celestino Poza Domínguez
 Concelleiro de Cultura



Encontros Culturais de outono

DO 1 DE SETEMBRO AO 4 DE XANEIRO DE 2009



Adicado ao Poeta Manuel María

